

# PLAN PARA A IMPLANTACIÓN DA AXENDA21 ESCOLAR DE GALICIA CEIP CONDESA DE FENOSA O BARCO DE VALDEORRAS

## Advertencia Previa:

O noso centro leva xa varios anos traballando temáticas ambientalistas que encaixan dentro da filosofía da Axenda21. O proceso para o desenvolvemento das devanditas actividades é o único punto no que nos apartamos da filosofía da Axenda21, no sentido de que foron actividades unidireccionais, que partiron dun equipo do profesorado, foron propostas ao claustro de mestres e postas en aplicación sen a participación do resto da comunidade escolar na súa planificación.

Vistas así as cousas, e de cara á implantación da Axenda21, o comité ambiental pensou que, a máis da programación de actividades novas, que respondan aos principios da Axenda21 dende o seu comezo, compriría un traballo de adaptación dalgunhas actividades xa en marcha para que se adecuasen (repetimos que no campo da participación) ás dinámicas da Axenda21.

## Objetivos:

- Comprometer a toda a comunidade escolar, e fundamentalmente ao alumnado, coa conservación e mellora do medio no que viven.
- Adquirir hábitos, de consumo, de tratamento dos residuos, respectuosos co entorno
- Valorar positivamente os esforzos de cara á conservación do medio, entendendo que as nosas accións son as responsables en moitos casos da degradación do medio.
- Desenvolver unha actitude crítica con respecto dos nosos hábitos, sendo quen de descubrir os seus defectos

## Actividades:

As actividades que imos desenvolver presentarémolas divididas en distintos ámbitos de traballo. De todos eles o traballo co papel é o único que comezamos este ano, xa seguindo dende o comezo os postulados da axenda21.

No resto do caso as actuacións son preexistentes, e o único que lles facemos é modificar algún aspecto para adecualas, como xa se dixo, ás premisas de participación da Axenda21 e/ou para reactivalas nos casos en que fose esmorecendo a súa actividade.

## Ambitos:

### Papel:

- Reunión do Consello Ambiental do Centro e definición do plan de acción
- Asambleas de debate nas distintas clases do centro. Exponse os problemas ambientais da produción do papel (monocultivos de eucaliptus e as súas consecuencias, contaminación e gasto enerxético para a súa produción) e todos os alumnos e alumnas expoñen as súas propostas na assemblea (elixiuse o grupo clase para estas assembleas, xa que a idade dos alumnos/as inhibe de participar en grupos máis amplos).
- Selección do grupo de medidas máis acaídas e votadas das presentadas nas assembleas.
- Elaboración dun mural cos compromisos acadados e un medidor do aforro. Os alumnos/as asinarán o compromiso e poderán ir observando os progresos en aforro de papel (cada mil folios aforrados sobre o gasto medio mensual -15.000 folios-, se representarán prantando simbólicamente unha árbore no mural).
- Concurso para a elaboración dun cartel sobre o aforro do papel.
- Solicitud ao concello para que instale no centro un contedor de papel (o actual está completamente deteriorado e non pode ser usado)
- Elaborar en cada clase un archivador para almacenar papel que poida ser reutilizado.
- Decoración dos contedores de papel para reciclar que xa están situados nos pasillos do centro.
- Asignación, por clases, de quendas para o baleirado do papel para reciclar non contedores comunais dos pasillos. Asimesmo os patrulleiros verdes se encargarán de baleirar os contedores comunais no contedor azul instalado polo concello.
- Elaboración de papel reciclado artesanal.

### Biodiversidade:

#### Situación de partida.

Dende hai anos no colexio celébrase o día da árbore con prantacións de distintas especies vexetais, plántanse sementes de especies vexetais variadas nas aulas e cóidanse durante o curso escolar. Tamén se elaboraron caixas niños con briks reutilizados. Dende o centro elaborouse unha unidade didáctica en formato Web adicada á avifauna de Valdeorras cunha guía de identificación de aves e unha batería de actividades en formato Clic. Tamén dende hai anos participase dun xeito case contínuo no concurso medioambiental de Voz Natura, e neste curso, en particular, presentouse un proxecto de creación dun xardín aromático.

## Actividades:

- Reunión da Comisión Ambiental na que se elaboran as distintas propostas de acción para este curso escolar
- Dentro da celebración do Magosto cada neno trae unha presada de castañas ao centro. Unha delas será "salvada" do magosto e prantada nunha bandexa de sementar na aula. Tamén poderán traer landras, érvedos e sementes de árbores propias da zona.
- Estudio das plantas aromáticas do entorno, fundamentalmente das existentes no parque natural da Serra da Enciña da Lastra que se encontra a poucos quilómetros do Barco.
- Elaboración de actividades Clic na aula de informática para aprender a identificar as especies máis representativas das estudiadas.
- Prantación de sementes de prantas aromáticas.
- Coa floración establecer visitas ao xardín aromático. Existe a proposta dunha visita a cegas, guiados só polo olfacto co que habemos distinguir a variedade de arrecendos das plantas.

## **Residuos:**

### Situación de Partida.

Cando menos hai uns 8 anos que se estableceu a recollida selectiva de residuos no colexio, colocando en cada aula varios contedores (un marelo para os envases, outro verde para os restos orgánicos e a papeleira para a recollida de papel usado). Tamén daquela elaborouse unha serie de actividades clic titulada "que facemos co lixo?" coa que se pretendía concienciar ao alumnado da necesidade de separar para reciclar e de identificar o tipo de residuos e a súa correcta separación nos contedores axeitados. Co tempo e o cambio do profesorado nalgúns aulas do centro a separación de residuos foi esmorecendo.

Tamén existe un composteiro que recolle os restos vexetais non cociñados da cociña do colexio. O primeiro ano que se tivo o composteiro no colexio toda a comunidade escolar participou na recollida de residuos orgánicos; cada neno/a, por quendas de cursos, levaba durante unha semana para a casa un cubo de recollida de orgánicos, que traían ao colexio os luns para baleirar no composteiro.

Arestora o composteiro basicamente nítrese dos restos da froita que se consume no comedor escolar, e é xestionado polos propios nenos e nenas usuarios do servizo do comedor.

Tamén dende hai 2 cursos escolares funciona unha liga verde, un campeonato entre clases para ver cal delas é a máis ecolóxica. Uns patrulleiros identificados cuns petos e provistos dunha folla de recollida de datos percorren o patio do colexio identificando aqueles de entre nós que botan o lixo ao chan, os que maltratan ás árbores ou o céspede, os que estropean o mobiliario. Ao cabo de cada mes cóntanse os puntos e a clase que menos puntos sancionadores ten é nomeada clase ecolóxica do mes, entregándoselle unha copa que custodiarán deica o seguinte mes.

A participación nestas patrullas, deica hoxe, era por rigoroso orde de lista, participando todo o colexio.

## Actividades

- Recollida de información sobre os distintos residuos que se xeran no centro
- Propostas para a redución de residuos en asambleas de clase e información das mesmas á comisión ambiental.
- Xestións diante do concello para que, coa dotación de contedores axeitados, se poida estender a recollida selectiva a produtos que arestora non se están a recoller (aceites usados, tóners...)
- Campaña "nesta semana enchemos o composteiro". Durante unha semana os nenos de cada clase levarán uns cestos para a recollida de orgánicos na casa. Ao cabo da semana botarán o recollido nos fogares no composteiro do centro.
- Reorganizarase a liga verde, sendo os patrulleiros nenos/as voluntarios. Farán a súa vixianza en parellas, un neno maior con outro de niveis inferiores, para ensinalle a levar o control das faltas.
- Realizaremos en clases de plástica contedores para a recollida selectiva de papel para levar ás casas e establecer así, en cada fogar, un espazo para a reciclaxe.
- Na clase de informática realizaremos as actividades clic sobre recollida selectiva de residuos para aprendermos a separar para reciclar.
- Realización dun concurso de carteis para fomentar a redución do consumo de pilas e fomenta-lo uso das recargables.
- Reactivar en todas as clases a recollida selectiva de residuos, poñendo no horario un espazo de tempo para que o encargado de clase de cada día, leve os contedores de recollida selectiva aos contedores colectivos situados nos pasillos do centro (papel) e na entrada do colexio (envases, composteiro...)

## **Energía e Transporte:**

O comité ambiental do centro propón simplemente a realización dunha campaña de sensibilización neste sentido, tendente a acadar a adquisición de hábitos que optimicen o consumo enerxético no colexio (pechar portas para evitar perda de calor, uso de luz natural na medida do posible, apagar as luces ao saírmos das aulas), e posta en marcha de conversas coas autoridades municipais para favorecer o uso da bici como medio alternativo para o transporte ao colexio (sería de interese a creación dun carril bici na veciñanza do centro, e a colocación de estacionamentos para as bicicletas).

En todo caso, este ámbito será abordado nos vindeiros cursos escolares cunha maior intensidade.